DEFENSA

SUBCOMISION PARITARIA DEFENSA FEBREIRO 2021

Con data 18 de Febreiro tivemos reunión da Subcomisión Paritaria de Defensa, tratándose os seguintes puntos da orde do dia:

- **Aprobación e sinatura da acta.**
  Apróbase a acta

- **Aplicación do art. 38 do IV C.U.**
  Apróbanse dúas permutas

- **Información sobre o art. 42.3 do IV C.U.**
  Adecúanse as funcións a 4 traballadores/as.

- **Art. 43.1 mobilidade por razóns de conciliación**
  2 solicitudes quedan pendentes por falta de documentación e 1 solicitude denégase por non corresponder aos ascendentes. Neste punto a parte social insistiu en convocar un grupo de traballo para elaborar un procedemento. A Administración sigue a insistir en que Función Publica está a facer un procedemento. A CIG insiste que non existe tal procedemento en Función Publica.

- **Aplicación do art. 46. Modificación substancial das condicións de traballo**
  - Unha modificación no Arsenal Militar de Ferrol. As organizacións sindicais opuxémonos á citada modificación, a CIG, expresou unha vez mais que estanse a perder servizos públicos por deixamento dos xestores/as.
  - Modificación no Gómez Ulla. Por unanimidade acordouse a modificación por estar conforme o traballador.

- **A administración notifica as modificacións de RPT e a Resolución da CECIR.**

- **Información do Plan COLCE do Exercito de Terra.**
  O exercito de terra informa que esta unidade vaise trasladar a Córdoba a largo prazo, e di que non afectará ao persoal destinado nela.

- **Información relativa ao cadro de persoal laboral das AALOG-UST**.
  Exercito de Terra informa que ten elaborado o cadro de persoal.
  - AALOG 11 (Colmenar e Paterna), AALOG 61 (Burgos), quedarán compostas de 70 a 80 efectivos.
  - Destacamentos de ITV en AALOG 21 (Sevilla, Granada), AALOG 41 (Zaragoza), AALOG 61 (Valladolid), AALOG 81 (Las Palmas e Tenerife), quedarán compostas por 4 efectivos.

- **Información sobre denegación da solicitude de excedencia dun traballador do Arsenal da Carraca.**
  Denégase unha excedencia a un traballador que manexa os guindastres no Arsenal da Carraca por "ser imprescindíbel".
  É a primeira vez que isto sucede neste Ministerio, no que seguen a pasar cousas realmente inauditas.

- **Información sobre se son aplicábeis ou non, para o persoal civil as normas complementarias da directiva 1/2021 do AJEMA de data 21 de xaneiro de 2021 para a redución temporal da actividade na JEPER.**
  A Administración admitiu a existencia da citada norma. A CIG hai xa un tempo preguntou pola norma en cuestión, negando naquel momento a Administración a súa existencia.

- **Solicitude do listado de horas extras percibidas polos traballadores/as do ESPEMI do ano 2020, desagregado por áreas, departamentos, categorías e outros**.
  A Administración proporcionou os datos.

A PROPOSTA DA CIG

- **solicitude de explicación sobre permuta denegada entre dous traballadores/as.**
  A administración informa que non cumprían os requisitos por non ser prazas iguais. A CIG insistiu en que neste momento, e sobre todo no momento da denegación, as categorías , especialidades..., son as correspondentes ao III Convenio dado que aínda non é efectivo o encadramento, polo que os dous traballadores cumpren os requisitos. É a primeira vez que cumprindo os requisitos non se concede a permuta.

- **Informe sobre o proceso selectivo levado a cabo no Colexio Salvador Moreno de Pontevedra.**
  A administración informa que este proceso foi conforme ao Convenio. A CIG insiste que nun proceso selectivo por concurso -oposición, a oposición non pode ser unha entrevista con puntuación definitorio.

- **Protocolo e Plan de Vacinación para o persoal laboral e estatutario do Ministerio de Defensa**.

  A Administración empéñase en explicar o Plan de vacinación nacional. A CIG insiste en preguntar cal foi o protocolo de vacinación no ámbito de Defensa, polo que un alto cargo do Ministerio presentou a súa dimisión. A Administración enrocouse na súa posición.

  .

OUTROS TEMAS

- **Calendarios Laborais,**

  A Administración informa de que tomou medidas para facilitar a negociación dos calendarios laborais durante a pandemia do COVID-19, (reunións, vídeo conferencia e/ou remisión previa as organizacións sindicais participantes do borrador do calendario, comunicacións con tempo de abondo).

- **Información sobre a instrución ditada polo Director do Colexio Salvador Moreno de Pontevedra sobre aplicación da normativa da Xunta de Galicia para o desfrute de asuntos propios.**

  O Director aplicou a normativa da Xunta de Galicia para o desfrute dos asuntos propios.

  A CIG é o único sindicato que entende, xunto coa Administración, que a normativa a aplicar ben dada polo calendario escolar. Que a educación está transferida ás Comunidades Autónomas polo que se teñen que rexer polas normas dos docentes. O resto da parte social falan de que hai que aplicar o Convenio. A CIG pregunta..... o profesorado ten que facer 1642 horas?, cando comeza o curso?, que pasa no nadal, no entroido, na semana santa?, que pretenden o resto de sindicatos? que vaian a traballar nestas datas?.